

Requisitos de documentación do proceso de solicitude das bolsas FGE 2024-2025

Mediante esta nota, a Subdirección Xeral de Relacións coa Unión Europea como órgano instrutor do procedemento PR770N, aclara algúns dos requisitos de documentación do proceso de solicitude da nova edición das cinco bolsas para a realización de prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea da FGE, convocadas mediante a Resolución do 8 de maio de 2024.

Título académico

O órgano instrutor pode consultar o título académico, excepto se este non fose aínda expedido. Nese caso, é necesario presentar **copia do pagamento dos dereitos para a súa expedición**.

Os títulos universitarios expedidos fóra de España que dispoñan do [Suplemento Europeo ao Título](#), NON precisan homologación de conformidade coas disposicións do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

Méritos. Requisitos xerais

Todos os méritos deben estar acreditados. Non é suficiente con presentar unicamente o anexo II.

Os méritos que non estean acreditados dentro do prazo de presentación de solicitudes non se terán en conta e, por tanto, non darán pé a un requirimento para a emenda da solicitude.

Méritos. Requisitos específicos

Expediente académico

O órgano instrutor **non pode comprobar o expediente académico**, polo que é necesario presentar copia da certificación académica dos estudos realizados, na que consten as materias cursadas, as cualificacións obtidas e a **nota media do expediente**. De non presentar dita copia, o expediente académico non se terá en conta na fase de valoración.

Coñecemento do idioma galego (Celga 4, Celga 3)

1. O órgano instrutor unicamente pode consultar os certificados de Celga 4 e Celga 3 cando estes están expedidos no marco das probas convocadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.
2. En calquera outro caso, o órgano instrutor non pode consultar os certificados, polo que é necesario presentar copia da certificación que acredite o Celga 4 ou Celga 3. Por exemplo, **no caso de que a persoa solicitante cursarse o bacharelato nalgún instituto de ensinanza secundaria da C.A. de Galicia, debe presentar copia da certificación emitida pola secretaría na que conste o nivel de competencia en lingua galega.** De non presentar dita copia, o coñecemento do idioma galego non se terá en conta na fase de valoración.

Cursos

Non se terán en conta aqueles **cursos que non acrediten as horas de duración ou os que sexan inferiores a 20 horas lectivas**, nin os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

Tampouco se valorarán os cursos e idiomas que formen parte do plan de estudos dunha titulación académica, agás no caso dos graos ou licenciaturas en Filoloxía ou Tradución e Interpretación como se recolle expresamente no artigo 14 resolución.